

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE, E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA XUVENTUDE CONSCIENTE DA SAÚDE MENTAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 11.12.2025 coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia ata o 1 de decembro de 2026.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *“establecer unha canle de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, e o Servizo Galego de Saúde, a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, para a implantación do **PROGRAMA XUVENTUDE CONSCIENTE DA SAÚDE MENTAL**, un programa consistente no acompañamento das persoas usuarias e dos/as profesionais que imparten o programa YAM, con persoas voluntarias denominadas para este proxecto como Helpers.”*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

“Que o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional veñen desenvolvendo o Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil do que forma parte o programa YAM, Youth Aware of Mental Health, que significa Xuventude Consciente da Saúde Mental, programa escolar dirixido á mocidade entre 13 e 17 anos no que aprenden e debaten sobre saúde mental, e que se enmarca dentro do Plan de prevención do suicido de Galicia cofinanciado polo Fondo Social Europeo+ .

O YAM é un programa de prevención universal cuxo obxectivo é chegar ao maior número de estudantes posible, por iso, é fundamental traballar coa mocidade onde está, é dicir, nas escolas, que é o lugar onde a mocidade pasa a maior parte do seu tempo e onde teñen a maioría das súas interaccións sociais. O programa lévase a cabo cun horario ordinario, durante tres días cun total de cinco horas.

Os profesionais que imparten o YAM contan con experiencia previa no traballo coa mocidade e a saúde mental. En Galicia os/as instrutores YAM son profesionais especificamente formados da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e do Servizo Galego de Saúde.

[...] Ademais da figura do profesional que desenvolve o YAM é preciso que na aula haxa unha segunda persoa que se denomina Helper, figura de apoio ao traballo da persoa instrutora no desenvolvemento das sesións do programa YAM.

[...] Que á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de conformidade co artigo 17 do Decreto

146/2024, do 20 de maio, a través da Dirección Xeral de Xuventude, correspóndenlle, entre outras funcións, a dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado [...]

*Que o **PROGRAMA XUVENTUDE CONSCIENTE DA SAÚDE MENTAL** é un proxecto que consiste no acompañamento das persoas usuarias e dos/as profesionais que imparten o programa YAM, con persoas voluntarias denominadas para este proxecto como Helpers.*

*Polo anterior, o Servizo Galego de Saúde comprométese a prestar a súa colaboración para o desenvolvemento da actividade do voluntariado a través do **PROGRAMA XUVENTUDE CONSCIENTE DA SAÚDE MENTAL** en consonancia co estipulado na mencionada Lei 10/2011, de 28 de novembro, e na Lei 8/2008, de 10 de xullo.*

Tendo en conta o anterior, o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude manifestan a súa vontade de colaborar na implantación dun programa de voluntariado social nos centros educativos nos que se desenvolve o programa YAM”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

